

ACTA
26-7-2020

Reunidos, Tomas, Andrés, Anxeles, Javi, Eduardo, Cándido, Xaquín, Cristina, Xacobe, Antía e Estela, acordan as seguintes cuestións:

- 1- **Convocados** Nico e Pepe, ó non presentarse, queda pendente de aprobación a súa solicitude de incorporación. A de Alí, de momento tampouco se vai realizar por motivos persoais.
- 2-Se acorda incorporar como **novos membros** a Tomás e Andrés, co seu proxecto A Horta de Maida, proxecto biointensivo de arredor de 1000m2 sito en Ramallosa.
- 3-”**Comisión para elaborados**” :Se fala de retomar a cuestión da creación dunha sala para elaborados, creándose unha comisión para traballar o tema que conforman Antía, Tomás e Cándido.
- 4- **Visitas:**

Se acorda que as visitas se farán do seguinte xeito:

- 13/09/20, Morrazo visita Vigo - Val Minhor
- 20/09/20, Vigo visita a Redondela – Pontearreas
- 27/09/20, Redondela - Pontearreas visita a Morrazo

Por motivos das altas e baixas, os grupos de visita quedan conformados do seguinte xeito:

- Vigo – Val Minhor: Anxeles, Eduardo, Javi, Tomás/Andrés, Cándido
- Redondela – Pontearreas: Xaquín, Xacobe/Belén, Antía, Moncho
- Morrazo: Estela, Cristina, Lucas, Hector

5-**Data próxima Asamblea:** 11/10/20 as 10:30 en Árbore

6- **Comisión de comunicación** (Hector, Lucas, Cándido):

Se está a traballar na web,
na corrección dos enlaces rotos,
se precisa toda a documentación dispoñible para subir,
se quere tamén subir un calendario de visitas, etc. , tamén
poñer enlace para conexión ás redes sociais dos membros (o SPG en si non
conta cas mesmas en principio), se pide que
encher unha ficha estandarizada do proxecto para facilitar a visualización,
tamén se solicita de quen se ocupe de
revisar o correo de contacto, que fará Cándido por defecto, xa que ninguén se
ofreceu explícitamente...

7- **Comisión de xestión/Tesourería**

Ánxeles se encarga das contas, declarando que dispoñemos de 252€ en caixa a data de hoxe.
Antía declara a vontade de mudar a titularidade da súa participación/membresía/colaboración de Cesta Fresca a Arquipélagos, entregando a cuota correspondente e quedando á espera de confirmación polo resto das socias da cooperativa, e de estudo do tipo de “asociamento”.

8-**Comisión de verificación- criterios**

Se fala da necesidade de retomala e de revisar os criterios periódicamente, se asigna unha persoa por grupo encargada de pasar nota das dúbidas, erros, incongruencias, suxestións, etc. que poidan xurdir durante as visitas. Apuntándose Xacobe, Ánxeles e Cris para esta laboura, ofrecéndose Eduardo coma coordinador/aglutinador das propostas.

9-**Visibilidade do selo**

Fálase da renovación do tríptico, do que se encargará a comisión de comunicación, ofrecéndose Antía para axudar na elaboración do texto.

Tamén se comenta sobre a posibilidade de renovar o logo, dicindo Xacobe que lle dará unha volta.